

PRESENTACIÓN DE “Alá no medio do mar”

Boa noite a todos! Benvidos.

Creo que sería case unha falta de respecto que intentase presentarvos a Josefa Otero Acuña e a Staffan Mörling. Certo que podería falar do seu labor de divulgadora da cultura galega en Suecia, dos estudos etnográficos e doutras aspectos salientables de ambos pero son veciños de Bueu e, polo tanto, recoñecidos e admirados por todos nós, porque forman parte da nosa comunidade, de nós mesmos.

Tampouco creo que deba comentarvos a miña propia visión do libro. Canda un de vós, posúe intelixencia e criterio dabondo como para que intente dicirlle como ten que ler un libro.

Non vou falar nin dos autores nin do libro. Non sei se con isto vos defraudo ou pensades, se cadra con razón, que non estou a desenvolver o papel que me pediron, pero quero determe, brevemente, iso si, na importancia das olladas, as olladas que buscan e as olladas que acollen.

Pouco antes de que eu nacesse, un antropólogo ía na procura de mares do sur, como Malinowski ía na procura da proximidade da verdade do home e o seu contacto coa natureza. Dende Suecia viaxou para marabillarse coas embarcacións da enseada de Bueu, coas barcas da praia de Beluso, coas dornas de Ons...Staffan Mörling detivo a súa ollada nas barcas, e nas velas, e nas casas..., e das cousas pasou á vida cotiá, aos labores do campo e do mar, pero tamén á aventura, á marabilla dunha pequena embarcación e do seu tripulante capaces de pasar apenas a un centímetro por enriba das rochas en lugares perigosos; e das cousas cotiás e da aventura pasou a mirada do amor. Era unha ollada que procuraba, unha visión primeiro allea pero logo interiorizada e finalmente propia.

Pero hai outro tipo de miradas, as miradas que acollen, por iso Josefa dende pequena ía asumindo como propios os sentires, os pensares e os quefaceres dos habitantes da Illa, íaos facendo seus, como fixo súa a mirada que chegaba de fóra. E no cruce desas olladas, no cruce da ollada de fóra que se converte en propia, da ollada de dentro que acolle o que procede de lonxe, nace unha gozosa historia e tamén o libro que hoxe presentamos.

A *Biblia* é un fascinante texto que contén historias emocionantes e aleccionadoras. Gústame escoitar que a Illa é unha balea durmida na entrada da ría de Pontevedra (xa sei que

nos documentais da 2 din que as baleas non dormen, pero eu creo nas lendas, e creo que Ons é unha balea). Por iso estou seguro de que Ons foi para Staffan Mörling como a balea de Xonás, un lugar transformador, un lugar que fixo cambiar a súa vida. Nese lugar estaba Josefa e no contacto co noso Xonás tamén se transformou.

Galicia “célula de universalidade” dicían os membros da Xeración Nós, Ons célula de universalidade. As olladas transformadas de Staffan e de Josefa non ficaron neles senón que nos axudaron a contemplar, dun xeito máis pleno, as nosas barcas, o noso patrimonio marítimo e lles ensinaron aos suecos a sentir de xeito máis próximo a nosa literatura medieval.

Remato xa. Quero dar as grazas á o Museo por acollerme neste acto, a librería Abrente por invitarme a presentalo e sobre todo a Staffan Mörling e a Josefa Otero por todo o que nos teñen aportado co seu traballo, por todo o que aprendín nel, por dotar de dimensión universal a esta nova vila, en especial á Illa de Ons e por este libro co que pasei uns momentos moi agradables e a todos vós por escoitarme con tanta xenerosidade.

Sen máis cédolles, a palabra a Staffan Mörling e Josefa Otero.